

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 3 de decembro de 2008 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e inspectores de Educación.*

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 237, do venres, 5 de decembro de 2008, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

Na páxina 21.783, base décimo sétima.- Comisións de avaliación, onde di: «letra a) Para os corpos de inspectores de Educación e inspectores ao servizo da Administración educativa: Presidencia: o inspector xefe ou inspectora xefa da Inspección Central». Debe dicir: «letra a) Para os corpos de inspectores de Educación e inspectores ao servizo da Administración educativa: Presidencia: un funcionario ou funcionaria de carreira en activo do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e do corpo de inspectores de Educación».

Na base décimo sétima.-Comisións de avaliación, páxina 21.783, columna da dereita, onde di: «En cada unha das comisións ditaminadoras anteriores actuará como secretario ou secretaria o funcionario ou funcionaria que designe a secretaría xeral de entre os que exerzan funcións na devandita secretaría xeral». Debe dicir: «Actuará como secretario/a o vogal de menor antigüidade no corpo, salvo que a comisión acorde determinalo doutro xeito».

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Resolución do 23 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, pola que se anuncia a licitación do procedemento aberto multicriterio harmonizado do servizo de clave AC/09/023.00 (AT/025/2009).*

1. Entidade adxudicadora: Xunta de Galicia. Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e

Transportes. Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Xestión.

Edificios administrativos de San Caetano.

Santiago de Compostela - A Coruña (España).

Teléfono: 981 95 74 97, telefax: 981 54 47 91.

2. Categoría do servizo e descrición, número NACE/CPA/CPV, cantidade, opcións:

NACE: 867, CPV: 71311210-6, CPA: 71.12.12

Contrato de servizo para a redacción do estudo informativo e impacto ambiental da obra: Actuacións no ámbito metropolitano da Coruña: vía transversal de conexión AP9-3ª Rolda-A6-polígono de Sabón.

Clave: AC/09/023.00 (AT/025/2009).

Orzamento base de licitación (IVE excluído): 354.105,92 euros. IVE: 56.656,95 €.

3. Lugar de execución: Comunidade Autónoma de Galicia. Provincia da Coruña.

4. Posibilidade de que as persoas xurídicas deban indicar os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable da execución do servizo.

É a indicada no punto 3.3.2. do prego de cláusulas administrativas particulares e no cadro de características.

5. División por lotes: non.

6. Variantes: observarase o especificado no cadro de características do prego de prescricións técnicas particulares. Axustarase ao prego.

7. Prazo de execución do contrato: vinte (20) meses.

8. a) Lugar de solicitude da documentación: o indicado no punto número 1.

Así mesmo, tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.contratosdegalicia.es/>

E na copistaría *Copy Estudio*, r/ Nova de Abaixo, 19-21 Santiago de Compostela. Tlf. 981 59 33 85.

b) Data límite de solicitude: ata o 4 de abril de 2009.

9. a) Data límite da recepción das ofertas: 6 de abril de 2009, ata as 14.00 horas.

b) Enderezo: a indicada no punto número 1, e segundo se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Idioma: galego, castelán ou nos idiomas da Unión Europea, acompañado de tradución oficial.

10. a) Persoas admitidas á apertura das plicas: acto público.

b) Data, hora e lugar: a apertura económica realizárase ás 11.00 horas da data que será anunciada no perfil do contratante <http://www.contratosdegalicia.es>, con 3 días hábiles de antelación á realización do acto público de apertura de proposicións, na sala de xuntas da